



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

PRESENTACIÓN DAS CONSULTAS PRELIMINARES AO MERCADO DOS PROXECTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA A LIÑA FID



AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

4 de abril de 2025



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

ORDE DO DÍA:

10:00 h Benvida institucional

10:10 h Proxecto NeoLab-3

Proxecto MaruxIA

Proxecto XenIAGAL FP

11:40 h **Café networking**

12:00 h Proxecto Emprego 360 °

Proxecto RegoSAT

Proxecto de SIRA

13:00 h Próximos pasos

13:30 h **Peche do evento**



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

PROXECTO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL NeoLab-3

Manuel López Luaces

*Xefe da Área de Formación, Innovación e
Investigación Agraria de AGACAL*

ORZAMENTO APROXIMADO:
6 Millóns de Euros

PROXECTO NeoLab-3

1.

OBXECTIVOS GLOBAIS

2.

RETOS EXPOSTOS POLO PROXECTO

3.

BENEFICIOS ESPERADOS



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

OBXECTIVOS GLOBAIS

Dotar a Galicia dun **laboratorio de seguridade biolóxica de nivel 3** avanzado e innovador especialmente adaptado á I+D+i que permita **anticiparse a riscos sanitarios** e garantir unha resposta rápida e eficaz fronte a axentes patóxenos.

Reforzar **a saúde pública e seguridade alimentaria**, fortalecendo os servizos analíticos de AGACAL e mellorando o control de calidade dos produtos agroalimentarios mediante IA e datos en tempo real

Modernizar os laboratorios de AGACAL, implantando un novo sistema de xestión (**LIMS**) e un **xemelgo dixital** que permita optimizar procesos analíticos, reducir tempos de resposta e mellorar a trazabilidade.

Fomentar a **sustentabilidade** e a **eficiencia na xestión agraria**, mediante o uso de datos edáficos actualizados e ferramentas dixitais avanzadas que melloren a planificación dos recursos naturais e reduzan o impacto ambiental



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

OBXECTIVOS GLOBAIS

ÁMBITOS PRIORITARIOS

Mellora da seguridade biolóxica e resposta fronte a riscos sanitarios, cun laboratorio BSL-3 e simulación de escenarios epidemiolóxicos.

Modernización e optimización do rendemento do LAFIGA, mediante un LIMS avanzado e integración cun xemelgo dixital.

Reforzo da saúde pública e seguridade alimentaria, con detección temperán de riscos, control de calidade e trazabilidade baseada en IA.

Sustentabilidade e eficiencia na xestión dos recursos naturais, mediante a xestión dixital dos solos para optimizar o uso de fertilizantes e reducir o impacto ambiental.

RETOS

Creación dun laboratorio intelixente con capacidades avanzadas de simulación e análise en tempo real, mediante un BSL-3 conectado con sensores IoT e IA para anticipar riscos e optimizar procesos analíticos.

Creación dun Mapa de Solos de Galicia en tempo real, integrando datos do LAFIGA nun sistema dixital para mellorar a planificación agraria e o uso sostible dos solos.

ORZAMENTO APROXIMADO:
6 Millóns de Euros

PROXECTO NeoLab-3

1.

OBXECTIVOS GLOBAIS

2.

RETOS EXPOSTOS POLO PROXECTO

3.

BENEFICIOS ESPERADOS

RETO 1: Creación dun laboratorio intelixente con capacidades avanzadas de simulación e análise en tempo real

1 DESAFÍO

Dotar a Galicia dun laboratorio de seguridade biolóxica de nivel 3 adaptado á I+D+i, que permita anticiparse a riscos sanitarios e ambientais no sector agrogandeiro mediante simulacións e análises avanzadas..

3 QUE SE BUSCA?

Un modelo innovador de laboratorio que combine contorna física e dixital, con capacidade de aprendizaxe continua, interoperable con sistemas actuais, e orientado á análise predictiva e á xestión intelixente da información e recursos.

2 COMO?

Implantando un laboratorio BSL-3 no CIAM, equipado con infraestrutura física avanzada e un xemelgo dixital que integre sensores IoT, intelixencia artificial e sistemas de xestión automatizada para mellorar a seguridade, eficiencia e trazabilidade.

4 VALIDACIÓN

Mediante a posta en marcha operativa do BSL-3, a integración efectiva do xemelgo dixital cos sistemas do laboratorio e a súa capacidade para xerar modelos predictivos e simular escenarios de resposta ante riscos zoonosanitarios.

RETO 2: Creación dun Mapa de Solos de Galicia en tempo real

1 DESAFÍO

Modernizar o sistema de análise edáfica de Galicia mediante a automatización da xestión de datos do LAFIGA e a creación dunha ferramenta dixital que integre e interprete en tempo real a información sobre os solos.

3 QUE SE BUSCA?

Un sistema automatizado e interoperable que conecte o LAFIGA cos equipos de análise, garanta a trazabilidade, permita consultas personalizadas e integre ferramentas de IA e Big Data para apoiar a toma de decisións agrarias baseadas en datos.

2 COMO?

Mediante a implantación dun novo sistema LIMS avanzado e a súa integración cun xemelgo dixital que permita recoller, procesar e visualizar datos edáficos en tempo real, xerando un Mapa de Solos dinámico, actualizado e xeorreferenciado.

4 VALIDACIÓN

Verificable a través do funcionamento efectivo do novo LIMS, a actualización continua do Mapa de Solos e a súa utilidade práctica para produtores, técnicos e investigadores mediante a mellora da eficiencia na xestión agraria.

PROXECTO NeoLab-3

1.

OBXECTIVOS GLOBAIS

2.

RETOS EXPOSTOS POLO PROXECTO

3.

BENEFICIOS ESPERADOS



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

BENEFICIOS ESPERADOS

Mellora da capacidade analítica e de resposta

- Incremento da capacidade de análise en tempo real fronte a riscos sanitarios e ambientais.
- Detección temperá de patóxenos e axentes contaminantes
- Resposta máis áxil e eficaz ante situacións de crise agroalimentaria ou sanitaria

Sustentabilidade e uso eficiente de recursos

- Redución do impacto ambiental mediante a xestión racional dos solos e fertilizantes.
- Aplicación de tecnoloxías verdes e enerxías autónomas.
- Uso eficiente dos espazos e redución de custos operativos.

Optimización da xestión mediante IA e Big Data

- Automatización de procesos e integración do LIMS cos equipos de laboratorio
- Modelización de escenarios epidemiolóxicos e simulación de riscos
- Mellora da planificación agraria grazas a ferramentas de análise avanzada

Beneficios para sectores clave

- Apoio a agricultores, gandeiros e viticultores con datos precisos para decisións técnicas.
- Fortalecemento do sector agroalimentario e forestal galego.
- Mellora da competitividade das empresas e da calidade dos produtos galegos.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

Proxecto da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro - MaruxIA

Marta Villaverde Acuña

*Directora Xeral de Desenvolvemento
Pesqueiro*

**ORZAMENTO APROXIMADO
3 millóns de euros**



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

PROXECTO MaruxIA

1.

OBXECTIVOS GLOBAIS

2.

RETOS EXPOSTOS POLO PROXECTO

3.

BENEFICIOS ESPERADOS



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

OBXECTIVOS GLOBAIS

Integración das múltiples fontes de datos, a **xeración de información** adicional, a correlación entre diferentes variables e a **visualización de datos e KPIs sobre o terreo**, así como o modelado mediante técnicas de IA dos procesos biolóxicos que afectan o desenvolvemento de diferentes especies residentes na ría.

Recollida e explotación da información en tempo real, fronte ás técnicas de mostraxe periódica e análise ad hoc, xa que proporciona unha contorna que simplifica a integración de dispositivos IoT

Crear creación dun xemelgo dixital que modele a influencia de múltiples variables ambientais e antropoxénicas sobre o ciclo de vida de diferentes especies de interese comercial residentes na ría de Arousa



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

OBXETIVOS GLOBAIS

ÁMBITOS PRIORITARIOS

Garantir a sustentabilidade e a eficiencia na xestión dos recursos naturais.
Dispoñer dun xemelgo dixital da ría axudará no deseño de estratexias para preservar o seu ecosistema

Preservación y posta en valor da biodiversidade.
permitirá modelar e integrar diferentes factores ambientais e antropoxénicos e medir o seu impacto na ría

Tecnificación del sector primario.
Reforzar a competitividade optimizando produtividade e sustentabilidade mediante a mellora na toma de decisión

RETOS

RETO 1:
Simulación de poboacións virtuais en tres bancos marisqueiros da Ría de Arousa a partir dun stock inicial e taxas de recrutamento, crecemento e mortalidade.

RETO 2:
Estudo da evolución da poboación de cefalópodos e pectínidos na Ría de Arousa derivada dos efectos do cambio climático

ORZAMENTO APROXIMADO
3 millóns de euros



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

PROXECTO MaruxIA

1.

OBXECTIVOS GLOBAIS

2.

RETOS EXPOSTOS POLO PROXECTO

3.

BENEFICIOS ESPERADOS



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

RETO 1: Simulación de poboacións virtuais en tres bancos marisqueiros da Ría de Arousa

1 DESAFÍO

Actualmente, os datos analízanse con modelos tradicionais, aplicados de forma illada por banco e especie. Algúns modelos dependen de descargas manuais, usan valores estáticos e omiten variables relevantes. Ademais, só proporcionan datos retrospectivos, insuficientes para predicións a curto e medio prazo

3 QUE SE BUSCA?

Búscase a obtención de estimacións do volume de stock e estrutura de tallas das principais especies de bivalvos de interese comercial en tres bancos marisqueiros da Ría de Arousa

2 COMO?

Mediante:

- Automatización de modelos para calcular taxas de mortalidade, crecemento e recrutamento dos bivalvos.
- Ferramentas para visualizar datos ambientais e de stock en mapas
- Modelos de variables subxacentes
- Integrar desenvolvementos doutros proxectos
- Incorporar datos en tempo real e predicións oceanográficas e meteorolóxicas.
- Considerando datos dinámicos (uso do chan, desembalses..)

4 VALIDACIÓN

É necesario dotar á Consellería do Mar dunha ferramenta que partindo da información almacenada e os modelos desenvolvidos sirva de soporte para a toma de decisións informadas e proactivas, facilitando a planificación eficiente da explotación dos bancos marisqueiros



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

RETO 2: Estudo da evolución da poboación de cefalópodos e pectínidos na Ría de Arousa derivada dos efectos do cambio climático

1 DESAFÍO

Impulsar as investigacións neste campo e dispoñer dunha plataforma que permita integrar e explotar os datos dispoñibles, buscando patróns, correlacións e visualizando información directamente sobre mapa do terreo e que aplique técnicas innovadoras de Big Data e Intelixencia Artificial para a análise de datos e a extracción de conclusións

3 QUE SE BUSCA?

Búscase avaliar os efectos do cambio climático sobre a dinámica poboacional de especies como o polbo, a sepia, a vieira e a volandeira na Ría de Arousa

2 COMO?

Mediante unha plataforma que permita:

- Integración de Datos: Combinación de fontes ambientais, operacionais e socioeconómicas.
- Escalabilidade: Capacidade de incorporar novas fontes e analizar o impacto do cambio climático.
- Análise en Tempo Real: Identificación de patróns e tendencias de forma inmediata.
- Intelixencia Artificial: Uso de Machine Learning para detectar correlacións e tendencias.
- Simulación de Escenarios: Avaliación do impacto do cambio climático sobre especies mariñas.
- Visualización de Datos: Ferramentas intuitivas para facilitar a toma de decisións.
- Actualización e Validación Continua: Mellora constante dos modelos con novos datos e verificación en campo.
- Expansión a Outras Rías: Aplicación do modelo desenvolvido á Ría de Arousa e outras zonas galegas.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

RETO 2: Estudo da evolución da poboación de cefalópodos e pectínidos na Ría de Arousa derivada dos efectos do cambio climático

4 VALIDACIÓN

A plataforma deberá incorporar unha capa de visualización que permita simular e visualizar sobre o mapa da ría os distintos efectos do cambio climático e o resto de variables de interese. Deberá permitir manexar escenarios que permitan realizar simulacións e anticiparse para os efectos do cambio climático no medio e o longo prazo



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

PROXECTO MaruxIA

1.

OBXECTIVOS GLOBAIS

2.

RETOS EXPOSTOS POLO PROXECTO

3.

BENEFICIOS ESPERADOS



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

BENEFICIOS ESPERADOS

Mellor coñecemento dos Ecosistemas da Ría

- Permite unha visión integrada dos factores ambientais, económicos e sociais.
- Facilita a sustentabilidade e eficiencia na explotación de recursos naturais.
- Permite coñecer con precisión o stock de especies comerciais a curto e medio prazo.

Fortalecemento da Competitividade do Sector

- Asesoramento a produtores e empresas para mellorar calidade e produtividade.
- Adaptación a cambios ambientais e de mercado.
- Acceso a mercados máis esixentes grazas á mellora da xestión dos recursos.

Impulso ao I+D+i e Transferencia de Coñecemento

- Creación dun ecosistema de innovación entre análise de datos, ciencia e explotación mariña.
- Mellora da xestión do ecosistema a través da retroalimentación entre investigación e práctica.
- Promoción da innovación no sector pesqueiro e marisqueiro.

Apoio á Xestión e Conservación do Ecosistema

- Mellor planificación e estratexias de conservación a medio e longo prazo.
- Favorecer a colaboración entre administracións, facilitando a toma de decisións.
- Redución da incerteza grazas a datos obxectivos e consistentes.

Fomento da Cooperación e Investigación

- Creación dun espazo colaborativo para organismos públicos e privados.
- Optimización de recursos para a investigación e estudo das rías galegas.
- Integración de novas variables para identificar patróns e novas liñas de investigación.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

PROXECTO DA DX DE FORMACIÓN PROFESIONAL – XENIAGaLFP

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral FP

María Jesús Carnero Gómez

*Directora do Centro Galego da Innovación da
Formación Profesional*

Orzamento Aproximado:

8,5 Millóns de Euros



PROXECTO XeniAGal FP




**OBXECTIVOS
XERAIS**



**RETOS
EXPOSTOS
POLO
PROXECTO**



**BENEFICIOS
ESPERADOS**



OBXECTIVOS GLOBAIS



TRANSFORMAR A FORMACIÓN PROFESIONAL GALEGA

Mediante a **incorporación de IA, tecnoloxías inmersivas, computación e análise de datos**, favorecendo un modelo de aprendizaxe personalizado, adaptativo e automatizado, aliñado coa Industria 5.0 e coas necesidades dun mercado laboral en transformación.



REFORZAR A ORIENTACIÓN PROFESIONAL

Ofrecendo un **sistema intelixente** baseado en datos en tempo real que **recomende itinerarios formativos e profesionais**, mellorando a toma de decisións institucionais, a conexión co mercado laboral e a identificación de perfís axeitados por parte das empresas.



POTENCIAR A EXPERIENCIA DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

Con **itinerarios personalizados, ferramentas dixitais e simulacións prácticas** que se adaptan ao ritmo e nivel do alumnado, aumentando a súa motivación, empregabilidade e preparación para contornas profesionais reais.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



OBXECTIVOS GLOBAIS

ÁMBITOS PRIORITARIOS

- » **Transformación metodolóxica e tecnolóxica da aprendizaxe**, que incorpore aprendizaxe adaptativa, a personalización en tempo real e a automatización de procesos avaliativos.
- » **Orientación profesional intelixente baseada en IA:** Modelo predictivo e personalizado con recomendacións en tempo real baseadas en IA, mellorando a conexión co mercado laboral.
- » **Planificación educativa baseada en datos:** Anticipando necesidades, aliñar a oferta formativa cos sectores produtivos clave e garantizando a adecuación dos programas formativos coa demanda do mercado laboral.
- » **Vinculación efectiva entre a Formación Profesional e o tecido produtivo:** Estreita Colaboración co tecido produtivo e actualización continua e estruturada en función das tendencias.



RETOS

- » **CapacitA FP:** Desenvolvemento de plataforma intelixente e disruptiva para a xeración automática de experiencias prácticas, adaptativas e personalizadas dirixidas á formación en tecnoloxías emerxentes aos integrantes do ecosistema da FP.
- » **SimuLab FP:** Desenvolvemento dun sistema de simulación avanzada, intelixente e personalizable que permita a practica en contornas realistas e inmersivas, adaptadas as especialidades e nivel formativo
- » **OrientIA FP:** Desenvolvemento dun sistema intelixente de orientación profesional e planificación educativa, que permita a recomendación de itinerarios personalizados e adapte a oferta de FP ás necesidades do mercado laboral.



8M€ ORZAMENTO
APROXIMADO



PROXECTO XeniAGal FP



**OBXECTIVOS
XERAIS**



**RETOS
EXPOSTOS
POLO
PROXECTO**



**BENEFICIOS
ESPERADOS**



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

PROXECTO

XeniAGal FP

UN SISTEMA INTEGRAL NO QUE SE ENGLOBALAN
AS FERRAMENTAS DOS TRES RETOS PROPOSTOS



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



RETO 1: Capacita

APRENDIZAXE ADAPTATIVA CON INTELIXENCIA ARTIFICIAL



DESAFÍO

A FP precisa **modelos formativos que se adapten** ao ritmo, nivel e necesidades de cada **estudiante** e que, ao tempo, acompañen ao profesorado no deseño de experiencias formativas actualizadas acorde a **evolución do tecido produtivo**.

Os métodos convencionais non permiten personalizar contidos, realizar un seguimento eficaz, adaptarse á evolución das competencias, e apoiar a mellora docente continua.



QUE SE BUSCA?

Un sistema que **combine aprendizaxe adaptativa, avaliación continua e recomendacións intelixentes**, ofrecendo unha experiencia flexible, motivadora e eficaz tanto para estudantes, docentes, profesionais e empresarios.



COMO?

Mediante o desenvolvemento dunha **plataforma de aprendizaxe baseada en IA**:

- » Creación de programacións didácticas con recomenda actividades e itinerarios formativos, ferramentas intuitivas para deseñar tarefas e actividades.
- » Detectar necesidades dos sectores produtivos en tempo real.
- » Axuste os contidos segundo o rendemento e progreso do alumnado.
- » Integre un sistema de formación continua adaptativa para docentes.



VALIDACIÓN

A solución validarase mediante a súa capacidade para a **creación de programacións didácticas**, personalizar **itinerarios formativos**, mellorar os **resultados académicos**, responder as **demandas empresariais** e facilitar a **actualización continua** do profesorado.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



RETO 2: SimuLab FP

SIMULACIÓNS INMERSIVAS PARA A ADQUISICIÓ DE COMPETENCIAS PRÁCTICAS



DESAFÍO

A FP require **solucións innovadoras para garantir unha formación práctica realista**. A dificultade de actualización das infraestruturas ou dos equipamentos e o custo que iso supón non debe impedir ofrecer nos centros experiencias realistas en calquera dos sectores, xa que o saber facer é clave para a empregabilidade.

As empresas demandan **perfís preparados en contornas reais**, pero carecen de mecanismos para compartir os seus procesos formativos cos centros educativos de maneira eficaz e escalable.



QUE SE BUSCA?

Unha solución que ofrezca ao alumnado **contornas de adestramento seguras, prácticas e motivadoras, aliñadas coas situacións reais do mercado laboral**. A solución será intuitiva e de fácil manexo manexo para o profesorado.



COMO?

Mediante o desenvolvemento dun **sistema de simulación avanzada, intelixente e personalizable** que:

- » Permita ao alumnado practicar tarefas complexas ou de risco en contornas virtuais realistas.
- » Inclúa escenarios reais empresariais, axustados ás necesidades sectoriais.
- » Axuste o nivel das prácticas á especialidade e evolución de cada estudante.
- » Incorpore un sistema de recomendacións automáticas e formación docente en contornas inmersivas.



VALIDACIÓN

Mediante o **grao de realismo e personalización das simulacións, a facilidade de uso** para o profesorado, o **impacto na aprendizaxe** do alumnado e a **mellora na empregabilidade**, así como na redución de custos de formación.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



RETO 3: Orientia FP

ORIENTACIÓN PROFESIONAL BASEADA EN DATOS EN TEMPO REAL



DESAFÍO

A orientación na FP adoita ser xeralista, uniforme e pouco conectada coa evolución real do mercado laboral, o que dificulta que o alumnado escolla itinerarios con alta empregabilidade. Isto tamén limita a planificación estratéxica da oferta educativa por parte das administracións.



COMO?

Desenvolver unha ferramenta baseada en IA que recomende itinerarios formativos e profesionais personalizados, analizando datos en tempo real do perfil do estudante e das tendencias de emprego. A solución debe apoiar tamén a docentes responsables educativos e laborais.



QUE SE BUSCA?

Un sistema de orientación automatizado, dinámico e conectado co mercado que mellore a toma de decisións formativas, reduza o desaxuste laboral e permita adaptar a oferta educativa. Tamén facilitará ás empresas atopar perfís máis axeitados, mellorando os procesos de selección.



VALIDACIÓN

Avaliando o axuste entre as recomendacións e a inserción laboral, a satisfacción dos usuarios e o uso efectivo por parte de docentes e centros, ademais do impacto nos procesos de selección das empresas e na optimización na contratación de perfís profesionais adaptados.



PROXECTO XeniAGal FP



**OBXECTIVOS
XERAIS**



**RETOS
EXPOSTOS
POLO
PROXECTO**



**BENEFICIOS
ESPERADOS**





BENEFICIOS ESPERADOS



ALUMNADO DE FP

- » **Formación máis personalizada** e aliñada co mercado laboral.
- » **Simulacións inmersivas** en contornos seguros para adquirir competencias clave.
- » **Orientación profesional** en tempo real que mellora a toma de decisións.
- » **Redución do abandono escolar**, desigualdades e fenda de xénero.



PROFESORADO DE FP

- » **Recursos dixitais** para deseñar experiencias formativas conectadas co tecido produtivo.
- » **Apoio na elaboración de programacións** mediante propostas vinculadas aos criterios de avaliación.
- » **Tecnoloxías inmersivas** para metodoloxías interactivas e actualización continua dos contidos.



EMPRESAS E TECIDO PRODUTIVO

- » **Formación de perfís profesionais** axustados ás demandas reais do mercado.
- » **Redución da brecha** entre formación e emprego.
- » **Simulacións dixitais** que acurtan os tempos de adaptación ao posto de traballo.
- » **Mellora da colaboración** co sistema educativo na definición de competencias estratéxicas.



ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E ENTIDADES EDUCATIVAS

- » **Planificación educativa máis áxil** grazas á análise de datos en tempo real.
- » **Adaptación dinámica da oferta formativa** segundo a evolución do mercado.
- » **Toma de decisións baseada en evidencias** e mellora da eficiencia na xestión educativa.



IMPACTO GLOBAL NA SOCIEDADE

- » **Mellora da empregabilidade e redución do desemprego.** Reforzo da competitividade empresarial galega.
- » **Apoio á recualificación profesional** e á aprendizaxe ao longo da vida.
- » **Promoción da inclusión social** e consolidación dun modelo educativo flexible, eficiente e preparado para a economía dixital.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CAFÉ NETWORKING

VOLVEMOS AXIÑA



XUNTA
DE GALICIA



AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

Proxecto da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais - **EMPREGO 360 °**

Pablo Fernández López

Secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais

ORZAMENTO APROXIMADO:

5,5 Millóns de euros



Cofinanciado por
la Unión Europea




Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



EMPREGO 360 °



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

PROXECTO EMPREGO 360 °

1.

OBJECTIVOS GLOBAIS

2.

RETOS EXPOSTOS POLO PROXECTO

3.

BENEFICIOS ESPERADOS



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

OBXECTIVOS GLOBAIS

Avanzar cara a un novo modelo de atención 360° aos traballadores e traballadoras autónomos. Este modelo debe estar baseado na centralización da información, na proactividade na atención, na personalización do servizo e no uso da analítica avanzada como soporte á toma de decisións

Creación dun perfil 360° que centralice datos das persoas autónomas e pemes

1

Unificar as canles de relación coa Administración mediante unha plataforma omnicanal e bidireccional

2

Adoptar un enfoque de asesoramento ao autónomo personalizado e intelixente

3

Garantir ás persoas e pemes usuarias un acceso sinxelo, áxil e personalizado á información relevante

4



5

Creación dunha plataforma integrada de datos estatísticos, administrativos e operativos vinculados ao emprendemento

6

Desenvolver capacidades de anticipación aos cambios no mercado laboral

7

Uso de intelixencia artificial para para optimizar o deseño das políticas e ordes de axuda

8

Monitorización e avaliación continua do impacto das políticas activas de emprego por conta propia



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

OBXECTIVOS GLOBAIS

ÁMBITOS PRIORITARIOS

Traballo Autónomo 360°

Transformar por completo a forma en que as persoas traballadoras autónomas e Pemes acceden e interactúan cos recursos públicos asociados ás Políticas Activas de Emprego (PAE's):

- Evolucionar cara a un modelo de atención integral e personalizado, baseado en datos reais e proactivo Perfil único e dixitalizado de cada usuario.
- Incorporación de novos canais dixitais de atención automatizada.

Analítica predictiva para políticas de apoio ao emprendemento

Consolidación da información dispoñible nun data lake laboral para a:

- Predición de tendencias do mercado de traballo.
- Identificación de sectores, territorios e colectivos prioritarios.
- Avaliación e mellora continua das políticas activas de emprego.



**ORZAMENTO APROXIMADO:
5,5 Millóns de euros**

RETOS

Traballo Autónomo 360°

Dispoñer dunha solución tecnolóxica innovadora que ofrezca ao autónomo, de forma proactiva e personalizada, información sobre os apoios que a Consellería de Emprego ten para a actividade do autónomo

A solución debe permitir resolver, en tempo real e de maneira personalizada, as súas dúbidas sobre o estado de tramitación dos seus expedientes ou da súa iniciativa emprendedora.

Data lake de Emprego

Creación dunha plataforma integrada de datos nutrida a partir dun data lake onde se reflexen os datos das distintas fontes de información utilizadas na actualidade, co fin de incrementar o impacto efectivo de políticas de emprego orientadas ao emprendemento e autoemprego, mellorando a atención aos usuarios e incrementar a precisión das intervencións que se realizan, utilizando modelos de análise avanzada e de precisión en tempo real.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

PROXECTO EMPREGO 360 °

1.

OBJECTIVOS GLOBAIS

2.

RETOS EXPOSTOS POLO PROXECTO

3.

BENEFICIOS ESPERADOS



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

Reto 1: Autónomo 360°

Plataforma integrada de datos para a xestión e información proactiva sobre as políticas e programas de emprego e auto-emprego en Galicia

1 DESAFÍO

A pesar do volume de recursos mobilizados e do esforzo institucional desenvolvido, a Consellería de Emprego ten identificado diversos **problemas recorrentes que dificultan unha atención eficaz e adaptada ás necesidades reais do colectivo autónomo**. Estes retos afectan tanto á experiencia da persoa usuaria como á xestión interna da propia Administración.

3 QUE SE BUSCA?

Implantar un novo modelo de relación coas persoas autónomas e as Pemes baseado na atención ao usuario, a mellora interna da xestión e a reorientación das políticas públicas mediante o **desenvolvemento dunha solución tecnolóxica** que ofrezca ás persoas autónomas e micro-pemes unha **atención personalizada, proactiva e en tempo real**, facilitándolles información clara sobre os apoios da Consellería de Emprego e permitindo resolver as súas dúbidas respecto á tramitación dos expedientes ou á súa iniciativa emprendedora.

2 COMO?

